

DECLARACIÓN EXPRESA DO SOLICITANTE

D/Dª _____ con DNI nº _____ e
 D/Dª _____ con DNI nº _____
 en nome e representación da entidade _____ con CIF nº _____
 _____, en relación con esta solicitude de axuda para a actuación denominada _____

DECLARA EXPRESAMENTE:

1) Que a dita entidade solicitou e/ou ten concedidas as axudas que se relacionan seguidamente:

AXUDAS CONCEDIDAS				
ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	TIPO	DISPOSICIÓN REGULADORA
AXUDAS SOLICITADAS				
ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	TIPO	DISPOSICIÓN REGULADORA
Consellería de Innovación, Industria e Comercio	2005		Subv.	Orde do _____ de 2005

Así mesmo, comprométese a comunicar cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación das administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración, segundo o artigo 15.4 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

2) Que se atopa dado de alta no imposto de actividades económicas, tal e como está na declaración censal do solicitante, na actividade principal e no grupo do epígrafe do IAE seguintes:

ACTIVIDADE PRINCIPAL	GRUPO OU EPÍGRAFE DO IAE

3) Que ____ **AUTORIZA:**

A Consellería de Innovación, Industria e Comercio, para que solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Consellería de Economía e Facenda e da Seguridade Social a información a que se refire o artigo 78.4.c) así como no último parágrafo do artigo 78.8 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, en relación coas miñas obrigas tributarias estatais, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social, sen prexuízo do disposto no artigo 17 c) da orde de axuda.

4) Que non se encontra incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos números 2 e 3 do artigo 13º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

E, para que así conste ante a Consellería de Innovación, Industria e Comercio, asina/n esta declaración no lugar e data abaixo indicado.

_____, ____ de _____ de 200 ____
 (Sinatura e selo da entidade)

ANEXO II

* Servizos prestados á Administración pública.

Nesta epígrafe defínese usuario final como un edificio público situado nun concello incluído dentro do plan anual de despregamento da infraestrutura.

A rede final deberá prever a capacidade de conectar todos os edificios públicos existentes no seu ámbito de cobertura.

Establécese un único tipo de conexión, que proporcionará en cada edificio unha capacidade bruta de 100 Mbps. Non é necesario que esta capacidade estea inmediatamente dispoñible, senón que a oferta de cada operador poderá asignar unha cantidade diferente por cada edificio existente na rede. En todo caso, a rede que conecta a cada edificio deberá ser de tal natureza que poida soportar a cantidade mencionada.

Permitirase unha lista de excepcións para edificios públicos remotos ou de moi difícil acceso. A lista de excepcións deberá ser un documento separado da oferta de cada operador, e deberá incluír o tipo de conexión do que disporá ese edificio.

A oferta de cada operador deberá especificar o prezo de cada unha das conexións que se creen e o prezo global do servizo.

A oferta de cada operador deberá especificar así mesmo as garantías especiais de calidade de servizo que se prestarán a esta tipoloxía concreta de usuario, mediante a inclusión na oferta dun acordo de nivel de servizo para as administracións e dun acordo de nivel de servizo para operadores de acceso para a Administración.

* Servizos prestados a outros operadores de acceso.

Nesta epígrafe defínese como usuario final un operador de acceso que recolle tráfico dos seus clientes nun concello determinado, a partir dunha rede propia do operador construída nese concello. A rede que se crea deberá prestarlle un servizo tipo mínimo, que se define deseguido:

O usuario final ou operador de acceso poderá crear a súa rede de acceso en calquera tecnoloxía: pares telefónicos, fibra, cable, wireless ou calquera outra tecnoloxía que se decida instalar.

O operador deberá prestar servizo a aqueles operadores de acceso que constrúen as súas propias redes en cada concello. A interconexión doutros operadores de acceso estará condicionada á dispoñibilidade de capacidade da rede.

O servizo mínimo ofrecido é a interface necesaria para conectar todo o tráfico agregado dos usuarios finais, inserilo na rede e extraelo noutro punto equivalente da rede.

O operador deberá especificar polo menos un punto de entrada e saída de tráfico por cada concello incluído dentro do plan anual de despregamento da infraestrutura.

A rede debe permitir, no momento da súa posta en servizo, que outros operadores de acceso dispoñan en cada concello dun punto de conexión con capacidade suficiente para entregar un servizo semellante ao definido neste artigo, para cada un dos mercados tipo residencial e empresa equivalente ao 25% dos clientes potenciais residenciais dese concello.

Poderase entregar/extraer tráfico a través de enlaces Ethernet, Fast Ethernet e Gigabit Ethernet como mínimo. Se o tráfico non é IP, deberá ser convertido polo usuario final (operador de acceso) a tráfico IP previamente a ser entregado.

O operador poderá definir servizos engadidos específicos para este tipo de usuarios finais:

-Calidade de servizo.

-Seguridade.

A oferta de cada operador deberá especificar o método de cálculo empregado para establecer o prezo tipo de transporte para outros operadores de acceso.

A oferta de cada operador deberá especificar, así mesmo, as garantías especiais de calidade de servizo que se prestarán a esta tipoloxía concreta de usuario, mediante a inclusión na oferta dun acordo de nivel de servizo para operadores de acceso.

En todo caso a prestación de servizo con outros operadores de acceso estará de acordo cos principios e condicións dispostos en materia de interconexión na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

* Servizos prestados a usuarios finais de tipo residencial.

O solicitante deberá incluír a prestación dun conxunto de servizos mínimo a usuarios residenciais. En todo caso, a infraestrutura prestada debe permitir que un operador de acceso dispoña en cada concello dun punto de conexión con capacidade suficiente para entregar un servizo semellante ao definido nesta epígrafe ao 25% dos clientes potenciais residenciais dese concello.

O conxunto de servizos mínimo para clientes residenciais nos núcleos definidos nesta orde é un servizo de acceso á internet de 512 kbps, cunha simultaneidade mínima garantizada do 30%.

O solicitante poderá definir os servizos adicionais na súa oferta.

* Servizos prestados a usuarios finais de tipo empresa.

O solicitante deberá incluír a prestación dun conxunto de servizos mínimo a usuarios de tipo empresa. En todo caso, a infraestrutura prestada debe permitir que un operador de acceso dispoña en cada concello dun punto de conexión con capacidade suficiente para entregar un servizo semellante ao definido nesta epígrafe ao 25% dos clientes potenciais empresa dese concello.

O conxunto de servizos mínimo para clientes empresa é:

-Servizo de enlace de datos con capacidade para 2 Mbps.

O solicitante poderá definir servizos adicionais na súa oferta.

* Servizos prestados a usuarios finais en rural disperso.

As unidades inmobiliarias conectables situadas nos concellos incluídos na rede proposta pero situados fóra dos núcleos de poboación, deben dispoñer dunha alternativa de conexión, identificada especificamente na oferta presentada polo operador.

O operador non estará obrigado a estender unha rede fixa de distribución permanente que preste servizos nes-

tas zonas, pero si deberá ofertar dous servizos tipo, un para o mercado residencial e outro para o de empresas, que permita conectarse á internet coa calidade que se entenda de maneira xeral no mercado como banda ampla, así como manter este nivel de calidade durante o tempo de vida do contrato.

O operador deberá detallar separadamente na súa oferta as solucións tecnolóxicas que ofertará neste caso xunto co seu nivel de servizo asociado.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

Orde do 12 de maio de 2005 pola que se amplía a dotación orzamentaria para a concesión das restitucións á produción para o aceite de oliva utilizado na fabricación de determinadas conservas, convocadas pola Orde do 16 de decembro de 2004.

De acordo coas bases reguladoras previstas na Orde do 28 de marzo de 2001, a Orde do 16 de decembro de 2004 (DOG nº 247, do 22 de decembro) estableceu a convocatoria, para o ano 2005, das restitucións á produción para o aceite de oliva utilizado na fabricación de determinadas conservas.

No seu artigo 6º, parágrafo 1, precísase a aplicación orzamentaria e o importe económico previsto para o financiamento das ditas restitucións, e no seu parágrafo 2 sinalase que as dotacións iniciais poderán incrementarse, se fose procedente, tramitándose para tal efecto o oportuno expediente de xeración e ampliación de crédito.

Coa finalidade de poder amparar todas as solicitudes de restitucións que se presenten ao longo deste exercicio, xestionadas polo Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) e posto que as dotacións iniciais resultan insuficientes, aprobouse o correspondente expediente de xeración e ampliación de crédito, polo que cómpre, mediante esta orde, ampliar a dotación orzamentaria consignada inicialmente para a concesión das ditas restitucións á produción para o aceite de oliva utilizado na fabricación de determinadas conservas.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. A dotación orzamentaria prevista, para as restitucións á produción para o aceite de oliva utilizado na fabricación de determinadas conservas no artigo 6.1º da Orde do 16 de decembro de 2004 (DOG nº 247, do 22 de decembro), na aplicación 09.60.614A.779.0 -Ordenación, reestruturación, fomento e mellora da produción agraria. Axudas comunitarias a produtores derivadas da nova PAC, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2005, incrementase en

5.009.850 euros, supoñendo un total de 14.999.995 euros para este exercicio.

2. En todo caso, a concesión das restitucións reguladas na dita orde estará limitada ás disponibilidades orzamentarias.

Disposicións adicionais

Primeira.-A ampliación de crédito prevista na presente orde non afecta ao prazo de presentación de solicitudes establecido na devandita Orde do 16 de decembro de 2004.

Segunda.-As solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2003, ás que reunindo os requisitos establecidos na dita orde, non se lles concedeu as restitucións á produción solicitada poderanse ter en conta na convocatoria do 2005. A tramitación dos expedientes continuará no trámite en que se atopaban á finalización do exercicio anterior.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2005.

José Antonio Santiso Miramontes
Conselleiro de Política Agroalimentaria
e Desenvolvemento Rural

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Resolución do 27 de abril de 2005, da Dirección Xeral de Saúde Pública, pola que se convocan dous cursos de aplicadores/manipuladores de praguicidas de uso ambiental e de uso na industria alimentaria de nivel básico e dous cursos de aplicadores/manipuladores de praguicidas de uso ambiental e de uso na industria alimentaria de nivel cualificado dirixido a traballadores en activo do sector madeireiro.

A Orde do 30 de xullo de 1997, conxunta das consellerías de Agricultura, Gandería e Montes e de Sanidade e Servizos Sociais, pola que se establece na Comunidade Autónoma de Galicia, a normativa reguladora para a homologación de cursos de capacitación para realizar tratamentos con praguicidas, así como para a obtención do carné de manipuladores destes produtos, establece no seu artigo 9 a obrigatoriedade de que o organismo oficial responsable publique no *Diario Oficial de Galicia* a información correspondente a cada curso que se vaia celebrar.

En consecuencia, anúnciase a convocatoria de catro cursos de aplicador/manipulador de praguicidas que se celebrarán de acordo coas seguintes bases:

1. Clase e número de cursos que se van a impartir:

1.1. Dous cursos de aplicadores/manipuladores de praguicidas de uso ambiental e de uso na industria alimentaria. Nivel básico.

1.2. Dous curso de aplicadores/manipuladores de praguicidas de uso ambiental e de uso na industria alimentaria. Nivel cualificado.